

NOTA TÉCNICA 2018 SOBRE A ELIXIBILIDADE DE GASTOS PARA PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS EXTERNOS**I. Cargos Internos en proxectos de investigación con financiación allea**

Por norma xeral non serán elixibles os cargos internos. En ningún caso en axudas ou proxectos financiados por fondos europeos independentemente da porcentaxe de cofinanciación (exemplo aplicacións orzamentarias con clasificación económica 646).

Excepcións:

1-Que a propia convocatoria o autorice expresamente.

2-Que na solicitude de axuda ou do proxecto se mencione expresamente e se motive a necesidade de realizar gastos que se van soportar con traballos executados internamente (cargos internos). En todo caso a resolución da axuda debe contemplar esta autorización. Non é suficiente que na memoria do proxecto se indiquen os traballos do CACTI, CINBIO, ECIMAT, CITI,... senón que debe poñer claramente que son cargos internos e non se poderá xustificar con factura e pago dito gasto.

3-Cando o cargo interno sexa derivado da imputación dunha compra a un provedor externo de maneira centralizada á un proxecto, e se dispoña da factura orixinal do provedor do consumo ou servizo, poderase imputar o cargo interno como gasto elixible, facendo constar copia da factura orixinal do provedor e mención específica da porcentaxe de imputación no propio cargo interno.

4-Cando exista unha exclusividade técnica que sustente de forma motivada (e tras realizar un estudo das posibilidades do mercado) que os medios propios son os únicos capacitados para levar a cabo os encargos. Neste caso, ademais da motivación do encargo debe comunicarse o feito ao ente financiador antes da execución material do gasto para a súa aprobación.

No caso de que se presente algunha das catro excepcións descritas e unha vez autorizados polo ente financiador, o procedemento para xustificar os cargos internos será:

- a) Mención específica, motivada e autorizada polo ente financiador.
- b) No cargo interno debe facerse mención aos prezos públicos aprobados e publicados no orzamento do exercicio correspondente, especificando o orzamento e a páxina que relaciona os prezos públicos aplicados en cada caso.
- c) A execución orzamentaria do gasto levarase a cabo mediante un **ADO de formalización**, para que dito cargo interno apareza na xustificación posterior ao ente financiador.

IMPORTANTE: Para evitar incidencias nas axudas vixentes, no caso de que non estar suxeitos a algunha das excepcións, o grupo de investigación deberá enviar ao ente financiador una solicitude de elixibilidade do gasto informando motivadamente da necesidade do gasto a través dun cargo interno e xustificando a aplicación dos prezos públicos aprobados no orzamento do exercicio correspondente. A

Dirección do Centro de Investigación (CACTI, CINBIO, ECIMAT, CITI...) proporcionará un modelo de solicitude que cumpra con estas necesidades.

No caso de que non se envíe esta solicitude non se aceptarán como gastos elexibles os cargos internos nas axudas vixentes que non presenten algunha das excepcións aprobadas.

II. **Cargos Internos imputados en aplicacións orzamentarias que non correspondan a proxectos de investigación con financiación allea**

Nestes casos o procedemento será o seguinte:

-Con cada solicitude de servizos que se realice ao CACTI, CINBIO, ECIMAT, CITI,... emitirase un RC de non dispoñibilidade (código de operación 20.00.102.0), cuxa copia en papel remitirase ao servizo correspondente do centro de investigación, que non iniciará actuación algunha sen recibir este documento.

-A área de asuntos económicos enviará, de forma telemática, o documento contable RC ao Servizo de Contabilidade, para os axustes orzamentarios e a súa imputación en SIC.

En Vigo, 28 de agosto de 2018

A Xerente,

Asdo.: Raquel María Souto García

XERENCIA
Universidade de Vigo

